

## CURSO ESCOLAR 2021-22

### FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2021/22 (código de procedemento ED330B). (Diario Oficial de Galicia do 20 de maio de 2021)

#### Extracto da orde do 6 de maio de 2021 (DOG)

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

#### REQUISITOS:

- Ter una renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.
- Ter una renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €. (Só para fondo libros e axuda a libros )

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Do 21 de maio ao 22 de xuño de 2021.

#### SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:

- A solicitude será **única** para todos os fillos/as e tipos de axuda.
- Presentar o **ANEXO I** preferiblemente por vía electrónica: en <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> ou na [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia.
- Tamén se poderán presentar as solicitudes **presencialmente** no centro docente. Os impresos para a solicitude presencial pódense imprimir dende a aplicación <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> (ANEXO I e II) , dende a Plataforma Educamos ou recollelos no centro.
- **Copia do libro de familia.**
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

### PRAZOS

**21 de maio:** comezo do prazo para presentar solicitudes.

**22 de xuño:** data límite de presentación de solicitudes.

**9 de xullo:** data límite para a publicación das listaxes provisionais.

**15 de setembro:** data límite para a publicación das listaxes definitivas de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

A entrega de libros de ESO será entre o 15 e o 24 de setembro de 2021.